



Política de Compliance

14 de novembro de 2022

Índice

0.	Control de Versións	2
1.	Obxecto da Política.....	2
2.	Obxectivos de Compliance	2
3.	Ámbito de aplicación.....	2
4.	Compromisos	3
5.	Modelo de Xestión	3
6.	Canle Ética (Whistleblowing Line).....	4

0. Control de Versións

Versión	Data	Modificacións
1	14 11 22	Versión Inicial. Aprobada polo Consello de Administración.

1. Obxecto da Política

A Política de Compliance ten por obxecto definir os principios xerais do Sistema de Cumprimento de **COSMA, S.A.**, así como os principais compromisos que son asumidos pola organización en materia de cumprimento e que deben guiar o seu comportamento en todos os seus ámbitos de actuación e na consecución dos seus obxectivos empresariais.

2. Obxectivos de Compliance

O conxunto de actividades que desenvolve COSMA, S.A. e a constante relación con terceiras partes, fan que a organización estea suxeita a variadas normativas, e expoñen á compañía a riscos de diversa índole.

O Código Ético e de Conduta de **COSMA, S.A.**, cúspide do sistema normativo interno, establece o respecto á legalidade, aos dereitos humanos e valores éticos e a transparencia na xestión, como as principais pautas de conduta que deben rexer a súa actuación.

Seguindo estes principios e valores da compañía, COSMA, S.A. dotouse dun sistema de xestión de Compliance.

Os principais obxectivos de **COSMA, S.A.** en materia de Compliance son:

- a) promover unha cultura de cumprimento e tolerancia cero ante a corrupción.
- b) asegurar, mediante actividades de prevención, detección, supervisión, formación e reposta, o cumprimento da organización no conxunto das súas actividades e operacións con tanta normativa lle sexa aplicable, tanto a normativa externa como o sistema normativo interno (denominadas en diante “Normativa Aplicable”), evitando deste xeito posibles sancións, perdas económicas e danos reputacionais.

3. Ámbito de aplicación

A presente Política de Compliance de **COSMA, S.A.** é de aplicación a todos os administradores, directivos, e empregados de **COSMA, S.A.**...

Adicionalmente, **COSMA, S.A.** promoverá e incentivará entre os seus contratistas, provedores, colaboradores e, en xeral, terceiras partes (en diante, esta Política referirase a todos eles como

“Terceiros”), a adopción de pautas de conduta consistentes coas que se definen nesta Política actuará coa dilixencia debida na selección dos seus terceiros e adoptará medidas para manter relación só con aqueles que estean aliñados cos obxectivos de Política de Compliance de **COSMA, S.A.**

COSMA, S.A. poderá solicitar aos seus terceiros que formalicen o seu compromiso coas pautas de conduta e obxectivos de Compliance que establece esta Política.

4. Compromisos

O respecto e cumprimento da Normativa Aplicable constitúe a base que sustenta o comportamento de **COSMA, S.A.** en todas as súas actividades, e sobre a devandita base establécense os principais compromisos de **COSMA, S.A.** en materia de Compliance, que son:

1. Promover o coñecemento e respecto da Normativa Aplicable, xerando unha cultura de cumprimento e tolerancia cero á corrupción, co apoio expreso e inequívoco e o compromiso e liderado dos administradores e a alta dirección de **COSMA, S.A.**
2. Comunicar e concienciar a directivos, empregados e terceiros da obriga de información e traslado de condutas contrarias aos estándares de boas prácticas e cumprimento de **COSMA, S.A.**, habilitando para ese efecto unha canle de comunicación adecuada que garanta a súa independencia, así como a confidencialidade e ausencia de represalias para o denunciante e os dereitos das persoas investigadas.
3. Asegurar a existencia e cumprimento dun sistema disciplinario que sancione as condutas contrarias á Normativa Aplicable, asegurando a súa aplicación equitativa, proporcional e xusta.
4. Desenvolver un sistema de xestión de Compliance que permita identificar, avaliar e xestionar os riscos de Compliance que se poidan dar nas actividades, operacións e servizos de **COSMA, S.A.**, así como identificar controis e integralos nos procesos da organización, mediante políticas internas e procedementos de actuación.
5. Proporcionar formación e asesoramento a todo o persoal en materias relacionadas con Compliance, así como, cando cumpra, aos terceiros que se relacionen con **COSMA, S.A.**
6. Avaliar periodicamente o deseño e desempeño do sistema de xestión de Compliance, implementando cantos cambios e oportunidades de mellora sexan identificados.

5. Modelo de Xestión

COSMA, S.A. estableceu un modelo de Compliance baseado no principio de debido control, orientado ao cumprimento dos compromisos descritos nesta Política e que cabe resumir nos seguintes elementos:

O Consello de Administración de COSMA, S.A é responsable de adoptar as políticas máis adecuadas para o correcto desenvolvemento do modelo de Compliance, velando pola adecuación destas á misión, principios e valores de COSMA, S.A

Por iso, a través da Función de Cumprimento, adopta as medidas necesarias para a implantación e supervisión do desenvolvemento e aplicación da presente Política de Compliance.

O Consello de Administración velará pola autonomía da Función de Cumprimento, asegurando que para iso conte cos recursos necesarios para vixiar o funcionamento e o cumprimento desta Política.

A Función Cumprimento é o órgano con poderes autónomos de iniciativa e control designado polo Consello de Administración para a supervisión do funcionamento e cumprimento do Sistema de Xestión de Compliance de COSMA, S.A., así como para a difusión, promoción e supervisión do cumprimento do Código Ético de COSMA, S.A. e das principais políticas que o desenvolven, como a política anticorrupción e a política de dereitos humanos.

A Función de Cumprimento reporta directamente ao Consello de Administración e ten como misión promover a cultura de cumprimento en COSMA, S.A. e impulsar a implantación, seguimento e cumprimento dos modelos de control necesarios para asegurar os principais riscos de cumprimento aos que se enfrenta COSMA, S.A.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Función de Cumprimento poderá contar, previa autorización do Consello de Administración, co apoio de asesores externos, así como con aqueles recursos necesarios para a correcta implantación e desenvolvemento do modelo de Compliance.

A alta dirección servirá de modelo de referencia co seu comportamento e nivel de cumprimento da Política de Compliance, e fomentará o seu coñecemento e cumprimento por parte dos empregados baixo o seu ámbito de dirección. Así mesmo, colaborará na identificación dos riscos de cumprimento propios da súa actividade, co apoio e segundo os criterios establecidos pola Función de Compliance.

Todos os empregados teñen a obrigaón de coñecer e cumprir esta Política de Compliance, debendo participar nas accións formativas en materia de Compliance ás que sexan convocados.

6. Canle Ética (Whistleblowing Line)

Calquera empregado que tivese indicios ou sospeitas da comisión dalgún delito ou incumplimento da Normativa Aplicable deberá trasladalo a través da Canle Ética establecida por COSMA, S.A ben a través do email canaletico@fcc.es ou ben a través de correo ordinario á dirección: Apartado de correos 19312, 28080 Madrid, España á atención da Función de Cumprimento, segundo se menciona no procedemento de Canle Ética e no Código Ético e de Conduto.

As notificacións e/ou denuncias serán tratadas conforme ao Procedemento da Canle Ética establecida e, en caso de ser necesario realizar investigación, atenderase ao Procedemento de Investigación e Resposta. Estas notificacións/denuncias serán recibidas pola Función de Cumprimento que as clasificará e, segundo o contido das mesmas, procederá ao seu tratamento.

A Función de Cumprimento será competente para o seu tratamento, investigación ou arquivo, segundo se decida, debendo trasladar ao Consello de Administración ou á responsable da área funcional correspondente o resultado da investigación e a proposta de medidas correctoras, no seu caso